



LISTA ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Alonso Carrera, Jaime
Araújo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Cabeza Pereiro, Jaime
García Fontán, Soledad
López Díaz, María
Pérez Rodríguez, María Rosa
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Caballero Rúa, Armando
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Suárez, Emilio Manuel
González Cerdeira, Xulia
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Pereira Domínguez, Alejandro

PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula
Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Comesaña González, Brais
De los Bucis Mellado, Jorge
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Vázquez Vázquez, Diego

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Martínez Gómez, César Enrique
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

De Lorenzo Rodríguez, Edita
Grande Seara, Pablo
Gutiérrez Nieto, Manuel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de marzo de 2013, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día 21 de marzo de 2013, ás 11:30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2013.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta de extinción do título de Grao en Consultoría e Xestión da Información.
4. Aprobación, se procede, do Programa de simultaneidade dos estudos de Grao en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (Campus de Ourense).
5. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2013/2014.
6. Aprobación, se procede, do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as Titulacións de Grao e Titulacións LRU para o curso 2013/2014.
7. Aprobación, se procede, da modificación do apartado 3.4 da Normativa de profesorado de substitución.
8. Aprobación, se procede, das Normas básicas de POD para o curso 2013/2014.
9. Aprobación, se procede, do "I Curso de Especialista en marcha nórdica".
10. Aprobación, se procede, da Convocatoria de Axudas á Investigación do ano 2013.
11. Aprobación, se procede, da Normativa de Funcionamento Interno do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI).
12. Aprobación, se procede, da Normativa de Funcionamento Interno da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT).
13. Aprobación, se procede, dos criterios da avaliación da Producción da Transferencia aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2011 e 2012.
14. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao.
15. Aprobación, se procede, do Regulamento de participación en competicións deportivas externas.

16. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residencias O Castro e as Burgas para o curso 2013-2014.
17. Aprobación, se procede, do Plan de Internacionalización Lingüística da Universidade de Vigo.
18. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez contra o acordo adoptado pola Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias de Ourense o 7 de novembro de 2012, sobre a adscrición do título de Grao en Enxeñaría Física á Facultade de Ciencias.
19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, *Universidad de Oviedo* e a *Universidad de Cantabria* para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento Equidade e Innovación en Educación – Convenio Específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a *Universidad Federal de Uberlândia* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio de cooperación académica entre a *Universidad de Oviedo* e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do programa de doutoramento en Tecnoloxía Mineira Sostible e Modelización – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Cámara Minera del Perú* – Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e da Coruña para o desenvolvemento do título de Máster Universitario en Acuicultura – Convenio de colaboración para a realización de prácticas dos alumnos da titulación de Máster en Bioloxía Mariña entre as universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela e o Clúster Alimentario de Galicia – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a *Fundación Universidad de Bogotá Jorge Tadeo Lozano* (Colombia) para o intercambio de estudantes - Convenio de Cooperación Académica entre a *Universidad Carlos III de Madrid*, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Madrid* para a impartición do título oficial de Máster Universitario en Matemática Industrial.
20. Nomeamento do representante no Consello de Estudantes a proposta dos estudantes membros de Consello de Goberno.
21. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do 21 de marzo na sede do Paraninfo da Universidade e coa presenza do reitor e a secretaria xeral, o xerente e as persoas que ocupan as vicerreitorías que forman parte do pleno (art. 7 do Regulamento de réxime interno) e con máis da metade máis un dos seus membros, quedou validamente constituído a sesión ordinaria do Consello de Goberno a efectos de celebración da sesión.

En primeiro lugar, toma a palabra o reitor para explicar aos membros do Consello de Goberno os motivos que aconsellaron o cambio de sede da reunión do órgano colexiado e a presenza na sala dun colectivo de profesores, PAS e estudantes, que foron invitados a expoñer as súas reivindicacións.

O reitor, como cuestión previa e dada a natureza dous asuntos que se ían tratar, invitou a que un voceiro do grupo tomase a palabra e expuxese as súas reivindicacións para os efectos de relacionalas cun concreto punto da orde do día, tal e como marca a normativa de funcionamento interno. Como voceiro do grupo tomou a palabra un membro do PDI, o Prof. Ángel Rodríguez

Gallardo, quen dixo falar en nome de todo o colectivo. Entre outras cuestións e valoracións solicitou a reapertura da Mesa de negociación do Persoal Docente e Investigador; así como a anulación da normativa pola que se adapta a dedicación do profesorado ao novo marco legal, que establece criterios de intensificación docente e investigadora.

Concretamente, solicitou que as súas peticións se inclúen nos puntos da orde do día como punto número 3, co seguinte texto:

- a. Anulación da aplicación do Decreto Wert na Universidade de Vigo, aprobada pola Normativa de dedicación docente no Consello de Goberno do día 21 de febreiro de 2013, así como as instrucións xerenciais ou reitorais que atinxen á aplicación do Real decreto lei 20/2012 ao PAS e ao PDI.
- b. Reapertura da Mesa de negociación do PDI para negociar a normativa de dedicación docente con presenza dos estudantes, investigadores e a plataforma de asociados (**Anexo I**).

Tras escoitar a proposta de introdución dun novo punto na convocatoria da orde do día, o reitor expón que a sesión do órgano colexiado debe axustarse á normativa de réxime interno. Para tal efecto solicita á secretaria xeral que dé conta da normativa, quen procede a dar lectura do disposto nos art. 8.4 e art. 10:

Di que o art. 8.4 establece que: "A convocatoria contendo a orde do día será enviada por vía electrónica cunha antelación polo menos de noventa e seis horas, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente. Neste caso deberá respectarse un prazo mínimo de corenta e oito horas. En igual prazo, a documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión estará a disposición dos membros do Consello de Goberno en formato electrónico."

E o art. 10.3 establece que: "Deberán incluírse na orde do día os puntos que previamente solicitasen por escrito o dez por cento dos membros do Consello de Goberno."

O reitor sinala a imposibilidade normativa de incluír un novo punto na orde do día por non ser solicitada coa suficiente antelación; non obstante, ofrece vías alternativas de diálogo e, en todo caso, queda aberta a posibilidade de que o soliciten para o próximo Consello de Goberno. Sucédense berros de protestas polo colectivo.

Seguidamente, o Sr. Xan Cebro toma a palabra e solicita que se inclúa como punto excepcional, apelando a algún precedente anterior. A secretaria xeral informa do art. 26 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXPAC), relativo ás convocatorias e sesións, que no seu punto 3 indica o seguinte:

“Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.”

O reitor expón que debe axustar o desenvolvemento do Consello de Goberno ao procedemento preestablecido; que debe acomodar a súa forma de actuar ao principio de legalidade. Igualmente sucedéronse as protestas dende o sector estudantes e de profesores asociados invitados.

A pesar das distintas explicacións e vías de diálogo que se intentaron abrir por parte do reitor, as continuas interrupcións cando facía uso da palabra e os berros de protesta solicitando a derogación dunha lei de ámbito nacional e da normativa aprobada na anterior sesión ordinaria do Consello de Goberno, impediron a continuación do Consello de Goberno e obrigaron ao reitor a suspender a reunión.

Ante o cariz das protestas, o reitor, facendo uso do disposto no art. 23 da LRPAC -segundo o cal en cada órgano colexiado corresponde ao Presidente: “c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas”-, anuncia que suspende a sesión do Consello de Goberno.

O día 22 de marzo, ás 10:00 horas, previa comunicación por correo electrónico enviada o día 21 de marzo pola Secretaría Xeral a todos os membros do Consello de Goberno, reanúdase a sesión ordinaria do Consello de Goberno, na Sala de Xuntas da Reitoría (**Anexo II**).

Revisado o quórum necesario para dar cumprimento ao art. 13 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, o reitor procede a abrir a sesión.

Intervén o señor Xan Cebro para suscitar unha cuestión de legalidade, por limitar o acceso só aos membros do Consello de Goberno e impedir a entrada ao colectivo de estudantes, profesores e PAS, que se manifestaban no exterior. O reitor responde que, en aplicación do Regulamento de réxime interno, é a súa facultade interpretar o Regulamento e que é ao presidente quen lle corresponde dirixir e ordenar os debates e fixar os pedimentos de palabra (art. 12 do Regulamento). Ante as protestas do representante, o reitor, facendo uso do disposto no Regulamento, retíralle o uso da palabra tras varias chamadas á orde.

O reitor expón aos membros do Consello de Goberno que ningunha protesta, por moi lexítima que sexa, pode impedir o traballo dun órgano democrático de goberno, no que están representados todos os sectores da comunidade universitaria: persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e alumnado. Que, malia a oferta de diálogo permanente, foi imposible continuar a sesión do xoves día 21 do Consello de Goberno, debido ás protestas dun grupo de estudantes e profesores, pechados dende o pasado día 20 na Sala de Xuntas da Reitoría, na que se debía celebrar a sesión. Este peche produciuse sen previo aviso e sen comunicación nin á Reitoría, nin á Secretaría Xeral e tampouco sobre os motivos do mesmo.

Continúa o reitor dando conta dunha chamada dende o Consello de Contas de Galicia, onde se lle informa que, por indicación do Tribunal de Contas, vaise levar a cabo o inicio por parte de dito Tribunal dun proceso de auditoría de investigación e información para todas as universidades españolas, sobre o estado das contas e a aplicación do Decreto Wert. Para superar esta auditoría e, polo tanto, evitar a medio prazo a intervención da facenda pública sobre esta institución, o reitor destacou a necesidade de ter as contas saneadas e non ter déficit, situación na que se atopa a Universidade de Vigo; e acatar a aplicación das normas estatais que rexen ás institucións universitarias. O reitor di que se non o facemos, sen esperar ao informe do Tribunal

de Contas, estamos expostos á intervención, algo que xa está a pasar noutras comunidades; resaltando que na actualidade estamos en situación de blindar ao persoal e consolidar a todos os profesores en formación.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2013.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para dar conta dos últimos acontecementos e xuntanzas. Cita, especialmente, a da creación da Axencia Galega de Innovación, o día 5 de marzo; a celebración da reunión, os días 6 e 7 de marzo na Uvigo, do CEIMAR-NET, coa asistencia da secretaria de estado de I+D+i, Carmen Vela, e das delegacións das universidades de Cádiz, Murcia, Cartagena e Las Palmas. Tamén fai referencia á presentación do Plan estratéxico do Campus da Auga (12 de marzo) e a xuntanza, o día 13 de marzo, na Universidade de Porto co reitor e vicerreitores para organizar unha próxima xuntanza da CRUSOE en Salamanca. Informa que previamente haberá unha xuntanza entre os equipos de goberno das universidades de Vigo e Porto, para establecer espazos de interese común e de colaboración nos mesmos.

Por ultimo, dá a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para informar do procedemento de liquidación do Orzamento da Universidade de Vigo do exercicio 2012. Para ese efecto, dá conta dun texto que se recolle literalmente: “expón que o Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, modifica algúns apartados a Lei Orgánica de Universidades, entre eles o apartado 5 do artigo 81. Entre as novidades máis salientables está a seguinte:

- As Universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.
- No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder, na primeira sesión que celebre, á redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido.

O vicerreitor sinala, que a falta de remisión da liquidación do orzamento ou a falta de adopción de medidas en caso de liquidación con remanente negativo, facultará á Comunidade Autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da Universidade.

Informa que a Universidade de Vigo, en cumprimento do indicado, presentou perante a Comisión Económica do Consello Social a liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, acompañado da Carta de Avance e do Borrador de Informe Adicional ao de auditoría, elaborados pola empresa de auditoría contratada polo Consello Social da Universidade de Vigo.

Os datos máis salientables da liquidación presentada son os seguintes:

- a) Acádase un resultado orzamentario equilibrado, de -366.974,00 €.

b) Dende o punto de vista do Sistema Europeo de Contas, SEC95, a Universidade de Vigo acada un saldo positivo de 2.066.299 € nas operacións non financeiras.

c) A Universidade de Vigo non ten débedas con ningunha entidade financeira.

Posteriormente, consonte establece a restante normativa orzamentaria de aplicación seguindo os procedementos habituais, a Universidade terá que presentar perante a Xunta de Galicia, antes do 30 de xuño, a Conta Anual do exercicio 2012, unha vez aprobada polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

Remata dicindo que a Conta Anual, a diferenza da liquidación do orzamento, incorpora os datos relativos a contabilidade financeira, os datos patrimoniais e os datos das sociedades participadas da liquidación do orzamento 2012.

Punto 3. Aprobación, se procede, da proposta de extinción do título de Grao en Consultoría e Xestión da Información.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa de que en base á baixa demanda dos últimos anos (inferior ao establecido no decreto autonómico de titulacións), a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense aprobou o inicio do proceso de extinción do título de Grao en Consultoría e Xestión da Información, o que leva a non ofertar prazas de nova entrada no curso 2013/14. Solicita a autorización do Consello de Goberno para iniciar o proceso de extinción do referido título.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do Programa de simultaneidade dos estudos de Grao en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática (Campus de Ourense).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa de que se trata dunha proposta conxunta da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e da Escola de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense, pola que se propón a posibilidade de cursar de xeito simultáneo os graos de Enxeñaría Informática e de Administración e Dirección de Empresas e de obter así os dous títulos.

Di que o seu obxectivo é ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible e que neste programa de simultaneidade entre dúas titulacións de grao, farase posible que un estudante poida cursar de forma simultánea o Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Enxeñaría Informática, ámbolos dous impartidos no campus de Ourense.

Nesta proposta o número de prazas sería de 20 (detrando 10 prazas de cada un dos dous graos de partida). O número total de créditos será de 372 ECTS e os estudantes que superen o programa de simultaneidade ADE-EI obterán os dous títulos oficiais de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas e Graduado/a en Enxeñaría Informática, titulacións que lle permitirán traballar tanto no eido empresarial como no da informática e o que é máis relevante, naqueles postos de traballo nos que a combinación das competencias de ambos os dous é especialmente necesaria e valorada. Trátase dunha proposta ben estruturada, moi ben

elaborada que é un aliciente para a Universidade de Vigo e para o Campus de Ourense en particular.

Intervén o reitor para felicitar aos equipos directivos da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e da Escola de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense, sinalando que é unha oportunidade estratéxica para ese campus.

Apróbase por asentimento.

A continuación dálle a palabra á decana da Fac. de CC.EE. e Turismo, Elisa Alén, quen manifesta que consultada a secretaría de alumnos do seu centro, sobre a posibilidade de que estudantes actuais de Consultoría e Xestión da Información poidan simultanear este grao co grao en Administración e Dirección de Empresas, foille indicado o seguinte:

Quen pretenda simultanear unha titulación oficial xa iniciada con outra afectada pola limitación de prazas terá que ter en conta que segundo as Normas de Xestión Académica "Non se poderá simultanear estudos cando as dúas titulacións estean sometidas a límite de prazas no curso académico que se solicite, agás que acabado o proceso de ingreso resulten vacantes na segunda titulación" Este impedimento incumbe igualmente a estudantes de titulacións sen límite de prazas que desexen simultanear con titulacións afectadas por devandita limitación.

Quen teña interese en simultanear, terá que esperar a que unha vez acabado o proceso de adxudicación de prazas da CIUG, a Uvigo mediante R.R. publique a convocatoria de prazas vacantes, momento no que deberá solicitar praza na nova titulación.

A Decana roga que, tendo en conta que a titulación de ADE en ocasións pecha en setembro, nas normas de matrícula que se elaboren para o curso 2013-14 se teña en conta unha circunstancia especial para os estudantes que actualmente cursan Consultoría e Xestión da Información, que lles permita non ter problema algún para simultanear, de ser o caso, ambas titulacións.

Responde o reitor que se estudiará ese tema para dar unha saída a estas situacións.

Punto 5. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2013/2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que somete a aprobación as propostas dos centros que foron aprobadas pola COAP que tamén informou favorablemente as propostas de límites de prazas por traslados. Dá lectura aos documentos que figuran no **Anexo III**.

A vicerreitora expón que, segundo o acordado na COAP, apenas hai cambios con respecto ao presente curso, manténdose o Grao en Administración e Dirección de Empresas como a titulación que maior número de prazas oferta, 240 no Campus de Vigo e 110 no de Ourense. No Campus de Vigo hai pequenas modificacións no Grao en Bioloxía, que incrementa o número de prazas de 64 a 75; prodúcese tamén un reaxuste de prazas nos seis graos que oferta a Escola de Enxeñaría Industrial, para adaptarse así á demanda real que se ven producindo nestas

titulacións: Eléctrica pasa de 60 a 50; Electrónica Industrial e Automática de 120 a 100; Química Industrial de 60 a 50; Tecnoloxías Industriais de 140 a 120 e Mecánica de 180 a 170.

Igualmente, informa que no Campus de Pontevedra o único cambio terá lugar no Grao en Enxeñaría Forestal, que axusta a súa oferta de 50 a 45 prazas. Tamén quedou sen fixar o número de prazas do Grao en Enxeñaría Mecánica que se oferta no Centro Universitario da Defensa de Marín, pendentes das indicacións do Ministerio de Defensa. Engade que non foi aprobado na COAP o aumento solicitado para o Grao en Enfermaría (POVISA), polo que levando o informe desfavorable pide que se ratifique a decisión polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as Titulacións de Grao e Titulacións LRU para o curso 2013/2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen a continuación expón dous apartados diferentes:

1º) Distribución de horas para cada grao de acordo coa normativa de tamaño medio de grupo (horas asignadas para a PDA). As propostas dos centros relativas á distribución de horas asignadas a cada titulación foron aprobadas pola COAP. Sinala que nalgúns casos as horas móstranse insuficientes, pois ao chegar ao cuarto curso, o grao divídese en orientacións e especializacións polo que houbo que engadir o número de horas suficientes para garantir a impartición das especialidades.

Intervén o Prof. Armando Caballero para anunciar, en nome do seu grupo, a súa abstención.

Sométese a votación:

- 23 votos a favor
- 0 en contra
- 2 abstencións

O profesor Armando Caballero sinala que a título persoal quere expresar o seu apoio ao reitor en defensa da reunión do órgano colexiado e que pese ás diferentes protestas, as súas decisións son a expresión dun órgano democrático; que, igualmente, comparte o seu rexeitamento ás decisións que lle obrigan a adoptar o Decreto Wert, por canto implican un desmantelamento da universidade pública, pero que está de acordo co reitor en que as normas hai que cumprilas. No entanto, que aínda defendendo aquel punto de vista, non lle desgusta que se recoñeza o esforzo dos profesores por medio da intensificación investigadora, o que non obsta para que cause preocupación ou malestar en devandito colectivo.

2º) Encargo a departamentos. A vicerreitora explica que foron revisados os cambios de encargo con respecto ao curso anterior. O único cambio recae na materia obrigatoria Química Inorgánica de 2º curso no Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos da Facultade de Ciencias de Ourense.

Esta materia foi encargada a diferentes departamentos nos últimos anos:

- Curso 2011/12, Dpto. de Química Inorgánica (C09)
- Curso 2012/13, Dpto. de Química Orgánica(C12) e Química Física (C11)
- Proposta curso 2013/14, Dpto. de Enxeñaría Química

Sinala, que analizados os informes elaborados no momento de realizar o estudo de viabilidade da titulación (fichas COAP para cada materia), constatouse que esa materia ten como posibles departamentos de adscripción os departamentos C09, C11 e C12, non figurando o departamento T04. Así pois, a COAP, utilizando o mesmo criterio que o do curso anterior, acorda que a materia de Química Inorgánica se encargue a eses tres departamentos.

Por outra banda, as materias básicas de primeiro curso da mesma titulación, Química e Ampliación de Química, aparecen asignadas unicamente ao departamento de Química Física. Analizados de novo os informes elaborados no momento de realizar o estudo de viabilidade da titulación, conséntase que esas materias teñen como posibles departamentos de adscripción os departamentos C09, C11 e C12. A COAP propón ampliar o encargo das dúas materias de xeito que queden encargadas a eses tres departamentos.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, da modificación do apartado 3.4 da Normativa de profesorado de substitución.

O reitor cede a palabra vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que se propón unha modificación puntual, relativa á posibilidade de estender a vixencia das listas de agarda a dous anos. Así pois, a nova redacción do punto 3.4 sería: As listas de agarda xeradas mediante concurso específico terán vixencia durante o curso académico en que se xeraron. Excepcionalmente a COAP, a proposta dos departamentos, poderá acordar estender a súa vixencia ata un máximo de dous cursos académicos consecutivos.

Sométese a votación:

- 22 votos a favor
- 0 en contra
- 1 abstención

Apróbase por maioría a modificación exposta no **Anexo IV**.

Punto 8. Aprobación, se procede, das Normas básicas de POD para o curso 2013/2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que con respecto á normativa análoga do curso anterior, os cambios propostos son os seguintes:

Actualización da redacción do apartado 5 (persoal contratado en programas de investigación). Informa que a colaboración docente se fixará segundo as normativas correspondentes de cada convocatoria. Respecto ao persoal contratado con cargo ao programa

Ángeles Alvariño, sinala que na convocatoria non se di nada do número de horas docencia que poden impartir. Fíxose unha consulta a través da vicerreitora de Investigación á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a cal responde que o máximo son 80 horas ao ano.

Tamén di que outras novas son:

- Introducción dun novo apartado relativo á mobilidade intercampus
- Posibilidade de estender por un ano a vixencia das listas de agarda
- Eliminación da posibilidade de uso de horas extraordinarias
- Introducción dunha disposición adicional, relativa á normativa estatal/autonómica en relación coas contratacións ás que se fai referencia na normativa

A vicerreitora expón que respecto da mobilidade a COAP, dentro do parágrafo 6, establece:

“Cando a mobilidade sexa realizada entre os campus de Ourense/Vigo ou Ourense/Pontevedra, as horas impartidas no campus diferente do propio computaranse cun 50% adicional. Se a mobilidade se realiza entre os campus de Pontevedra e Vigo, a porcentaxe anterior será do 25%”

A COAP propón engadir o seguinte:

“Se é o caso, o cómputo que resulte do 50% ou 25% anterior, axustarase vía recoñecementos no curso seguinte en función dos horarios nos que se impartiu a docencia”.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén a Prof^a. Rosa Pérez para preguntar cal é a idea da mobilidade entre campus: dar docencia pertencendo adscrito ao campus de orixe ou implica un traslado do profesor ou profesora; se caben as dúas variantes. Tamén pregunta polas axudas de custo e a porcentaxe de recoñecemento no POD.

Responde a vicerreitora que se unha persoa do Campus de Vigo fai voluntariamente, por exemplo, 60 horas no Campus de Ourense lle computan 90 horas a efectos de POD máis o pago das axudas de custo. Engade que a persoa segue adscrita ao campus de orixe.

Intervén o Prof. Armando Caballero para mostrar a súa desconformidade pola blindaxe de tres anos por cargos de xestión; parécelle un erro e debería revisarse.

Responde o reitor dicindo que se fará unha valoración do efecto provocado por cada medida aprobada; e que hai que revisar o impacto de toda a normativa para alcanzar os obxectivos perseguidos.

Intervén o Prof. Bienvenido Díez para expresar a satisfacción de que se contemple como desgravación docente os desprazamentos voluntarios entre campus, como se viña solicitando pola representación sindical dende hai tempo. Tamén quere deixar patente o feito de que ao

aceptar unhas condicións de desprazamento, o Equipo de Goberno está aceptando a existencia dun centro de adscrición independente do campus onde se exerza a actividade docente.

Procédese á votación:

- 22 votos a favor
- 1 abstención
- 1 voto en contra do acordo adoptado, que figura na acta a solicitude do Prof. Armando Caballero

Apróbase por maioría a normativa que figura no **Anexo V**.

Punto 9. Aprobación, se procede, do "I Curso de Especialista en marcha nórdica".

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia, Alumnado e Titulacións para expoñer a proposta académica, achegada pola Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, sobre o I Curso de Especialista en marcha nórdica. Di que a Universidade de Vigo e a primeira universidade do Estado en ofrecer formación de posgrao nesta especialidade deportiva, tamén coñecida como Nordic Walking (NW). Expón os seus obxectivos e xustificación académica e social, destinatarios, condicións de acceso etc. Así mesmo, informa que o devandito curso foi aprobado pola respectiva xunta de facultade; que ten os informes favorables do servizo de contabilidade, control interno, sección de títulos; e que conta co informe favorable da COAP, na súa sesión de 14 de marzo. Polo exposto, solicita a aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da Convocatoria de Axudas á Investigación do ano 2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa que a convocatoria de axudas á investigación que se propón segue unha liña similar á do ano 2012, manténdose en liñas xerais os mesmos apartados e conceptos de axuda. Prestouse en todo momento especial atención ao apoio ao persoal en formación (bolsas e axudas de mobilidade), o que se reflicte no feito de que aproximadamente o 69% do orzamento destinado a axudas de investigación oriéntase especificamente ao persoal en formación. Tamén se incide no equilibrio entre ámbitos de coñecemento na concesión das axudas, de modo que os mellores candidatos de cada ámbito poidan ser adxudicatarios.

Así mesmo, expón que en todos os casos se intentou clarificar ao máximo os procedementos económicos asociados ás axudas, especificando os tempos de dotación e de gasto das mesmas.

A vicerreitora de Investigación di que os aspectos máis significativos que varían con respecto á convocatoria do ano 2012 son os seguintes:

- No apartado de axudas estruturais a grupos de investigación, e tendo en conta a experiencia e resultados de convocatorias anteriores, concentrouse o esforzo nos contratos-programa a grupos de investigación. O importe total da axuda mantense con

respecto a 2012, aínda que a dotación distribúese entre 2013 e 2014, adaptándose aos requirimentos de organización contable actuais.

- No relativo ás axudas á realización, comisariado e montaxe de exposicións artísticas, se incide priorizándoas nas actividades promovidas pola Facultade de Belas Artes, no marco das diversas titulacións impartidas na mesma. Tamén, se priorizan iniciativas conxuntas de investigadores da Universidade de Vigo.
- No apartado de axudas a actividades de laboratorios, desaparecen da convocatoria as axudas á protección de resultados de investigación; xa que este tipo de actividades apoiárase especificamente a través dun Fondo de Valorización, organizado pola Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento e xestionado a través da Oficina de I+D. Xa se informou recentemente desta iniciativa á comunidade investigadora.
- No programa de bolsas e axudas á formación, mantéñense as mesmas modalidades de axuda (axudas para a realización de máster, doutorado e becas de colaboración en centros de investigación), aínda que no caso de máster prodúcese un cambio de denominación, motivada pola necesidade de adaptación á estrutura actual dos estudos de posgrao.
- En relación coas becas de colaboración na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, hai que indicar unha errata no texto proporcionado a este Consello de Goberno, na páx. 51, última liña do apartado 1-Obxectivos: onde di “1 para investigación en cultivos mariños e microbioloxía mariña” debe dicir só “1 para investigación en cultivos mariños”.
- No que respecta aos criterios de valoración, mantéñense as mesmas pautas xerais que en 2012, coa salvidade de que no caso do persoal en formación ampliase o período considerado para os méritos avaliados, ata o fin de prazo de presentación de solicitudes.

Para rematar, a vicerreitora de Investigación indica que esta convocatoria foi aprobada na Comisión de Investigación o 13 de marzo de 2013.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, da Normativa de Funcionamento Interno do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen di que a Normativa de Centros de Apoio á Investigación da Universidade de Vigo, aprobada en Consello de Goberno de 8 de febreiro de 2012, marca as pautas xerais de funcionamento destes centros, contemplando que estes poidan desenvolver normativas máis detalladas de funcionamento interno adaptadas ás súas respectivas especificidades.

Así mesmo, a vicerreitora de Investigación expón que unha das funcións da Comisión Xestora dos Centros é elaborar e actualizar unha normativa de funcionamento interno e elevala ao Consello de Goberno para a súa aprobación, previo informe da Comisión de Investigación.

A vicerreitora de Investigación informa que a Comisión Xestora do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) foi elixida, segundo marca a Normativa de Centros de Apoio á Investigación, pola Comisión de Investigación, o 19 de marzo de 2012. Está composta polo director do CITI, dous técnicos do centro e un representante de cada grupo de investigación con presenza no CITI (os nomes de todos eles están a disposición deste Consello de Goberno e poden achegarse ao acta se se estima conveniente*).

Indica que a Comisión xestora elaborou a normativa de funcionamento interno que se somete a aprobación, cuxo texto proporciona aos membros deste Consello de Goberno, e que recibiu o informe favorable da Comisión de Investigación en reunión de 13 de marzo de 2013.

*Comisión Xestora CITI:

- Director do CITI: Xosé Antón Vila Sobrino
- Técnicos do CITI: Beatriz Díaz Reinoso, Iria Fírvida Plaza
- Representantes de grupos de investigación con presenza no CITI: Luis Fernando Romaní Martínez, Manuel Arias Estévez, Gil Garrote Velasco, José Luis Alonso Gonzalez, José Manuel Domínguez González, Javier Rodeiro Iglesias, Florentino Fernández Riverola, Arno Formella, M^a Anunciación Lafuente Giménez, Luis Alfonso Rodríguez López, Pablo Raúl Bonorino Rodríguez

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

Punto 12. Aprobación, se procede, da Normativa de Funcionamento Interno da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen di que a Comisión Xestora da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) elaborou a correspondente normativa de funcionamento interno, que se somete a aprobación deste Consello de Goberno.

A vicerreitora de Investigación indica que é necesario corrixir un erro no texto proporcionado a este Consello, na páx. 4, cuarta liña do artigo 16, onde debe eliminarse a frase “en calquera cantidade”.

Informa que a Comisión Xestora da ECIMAT foi elixida pola Comisión de Investigación, o 19 de marzo de 2012. Está composta polo director da ECIMAT, 3 representantes do persoal asignado ao centro e 3 representantes dos grupos de investigación usuarios do centro (os nomes de todos eles están a disposición deste Consello de Goberno e poden achegarse ao acta se se estima conveniente*).

Para rematar, especifica que a normativa que se somete a aprobación recibiu informe favorable da Comisión de Investigación en reunión de 13 de marzo de 2013.

*Comisión Xestora ECIMAT:

- Director da ECIMAT: Ricardo Beiras García-Sabell

- Representantes do persoal do Centro (3): Enrique Poza, Damián Costas, Antonio Villanueva
- Representantes dos usuarios (3): Armando Caballero, Jesús Troncoso e Miguel Ángel Nombela

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

Punto 13. Aprobación, se procede, dos criterios da avaliación da Producción da Transferencia aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2011 e 2012.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia de Coñecemento, quen sinala que esta convocatoria é unha continuación da do ano anterior, onde se adquiriu experiencia na valoración específica dos méritos relacionados coa transferencia de coñecemento. O vicerreitor destaca que a Uvigo é unha das primeiras universidades nacionais que aborda unha valoración separada e específica neste tipo de produción de transferencia. Engade, que a convocatoria anterior esta pechada e a piques de publicar a resolución. A continuación expón os índices de transferencia, que son idénticos que os do ano anterior; os puntos asinados por cada mérito tamén permanecen inalterados e hai algún cambio puntual nos criterios xerais para súa simplificación; tamén sinala algunha variación en criterios específicos. Sinala, que foi aprobada na Comisión de Investigación. Solicita a aprobación da normativa.

Apróbase por asentimento os Criterios da avaliación da produción da transferencia aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2011 e 2012 (**Anexo VIII**).

Punto 14. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen sinala que se trata de recoñecer créditos aos estudantes pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas de representación estudantil solidarias e de cooperación. Seguidamente, sinala as actividades que de acordo con documento serán obxecto de recoñecemento; as equivalencias en créditos ECTS; remata aludindo ao procedemento para a incorporación ao expediente do estudante.

Solicita a aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a modificación da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao (**Anexo IX**).

Punto 15. Aprobación, se procede, do Regulamento de participación en competicións deportivas externas.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen informa do ámbito da aplicación da normativa; que se aplica ás actividades deportivas da Universidade de Vigo xunto con outras entidades, ben sexan de carácter federado, interuniversitario ou de calquera outra índole. Fai referencia, entre outros apartados da normativa, especificamente ao Capítulo V, relativo as condutas indebidas; engade que se solicitaron os informes xurídicos pertinentes, polo que solicita á súa aprobación

Apróbase por asentimento o Regulamento de participación en competicións deportivas externas (**Anexo X**).

Punto 16. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residencias O Castro e as Burgas para o curso 2013-2014.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen dá conta da proposta de prezos mensuais para o vindeiro curso nos complexos residenciais O Castro e As Burgas. Di que o vindeiro curso farán un desconto do 10% para o alumnado antigo e cancelará o pago da cota inicial de matrícula para os de novo ingreso.

Apróbase por asentimento.

Punto 17. Aprobación, se procede, do Plan de Internacionalización Lingüística da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais, quen destaca que é un documento co que se pretende dotar á comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia aos retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa; subliñou o vicerreitor de Relacións Internacionais que o plan é un paso fundamental para converterse nunha universidade internacional de prestixio, ao nivel dos mellores centros de ensino superior do mundo.

Informa que o Plan de Internacionalización Lingüística define unha estratexia e un conxunto de accións concretas, para que todos os membros da comunidade universitaria, tanto o alumnado como o profesorado e o persoal de administración e servizos, sexan quen de desenvolverse noutras linguas, a maiores do galego e ou castelán. Ao tempo, tamén se fixa un camiño para implantar a docencia en inglés en diversas materias das titulacións que imparte a Universidade, e mesmo en titulacións completas.

O vicerreitor engade, que para poder garantir que a calidade da súa formación en inglés teña os mesmos niveis de excelencia acadados polos seus programas en castelán e galego, a Universidade velará porque todo o profesorado que desexe dar clase en inglés teña a competencia lingüística necesaria. Para isto ten desenvolvido un procedemento de acreditación pioneiro no Estado Español (o HELA - Higher Education Lecturing Accreditation), que está a servir de modelo a outras universidades españolas. Xunto con esta acreditación, o plan inclúe programas de formación para o profesorado e instrumentos para recoñecer o seu esforzo e implicación nesta tarefa. Recalcou o vicerreitor que a Uvigo é a primeira universidade galega que trata de xeito integral a docencia en inglés, con procedementos rigorosos de garantía da súa calidade, e programas específicos de formación e recoñecemento do esforzo.

Di que as iniciativas necesarias para acadar os obxectivos do plan artíllanse arredor de cinco eixes. O primeiro deles recolle as distintas accións, programas e iniciativas dirixidos á aprendizaxe de linguas estranxeiras e á capacitación lingüística da comunidade universitaria. O segundo vai dirixido a establecer unha estratexia para implantar a docencia universitaria en linguas estranxeiras, co obxecto de ofrecer materias e programas multilingües para beneficio tanto do alumnado local como do alumnado estranxeiro. O terceiro e cuarto eixes inclúen respectivamente o desenvolvemento das competencias lingüísticas nos eidos da investigación e

da administración universitaria. Finalmente, o quinto eixe considera o plurilingüismo no eido da comunicación universitaria, interna e externa.

Para a consecución dos diferentes obxectivos o plan identifica diferentes instrumentos, entre eles, garantir unha oferta formativa accesible do Centro de Linguas; fomentar a impartición de grupos en linguas estranxeiras nas materias das titulacións oficiais; e animar tamén ao alumnado á realización de, cando menos, un cuadrimestre nunha universidade estranxeira e/ou a realización de prácticas en empresas e institucións doutros países.

Ábrese unha rolda de preguntas.

Intervén o Prof. Armando Caballero para facer dous rogos: pide flexibilidade na acreditación para dar docencia en inglés e tamén pregunta se é preciso que se cumpra para todos os profesores. Refírese aos profesores invitados que imparten clases de doutoramento en inglés e que, tal vez, para estes profesores non sería preciso estender a acreditación. Sinala a necesidade de que os certificados da Universidade se emitan en inglés.

Responde o vicerreitor de Relacións Internacionais, quen manifesta que a intención do procedemento de acreditación para a docencia en inglés é garantir que os membros do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, que imparten docencia regrada na institución, teñan unha competencia lingüística axeitada e do nivel suficiente para impartir dita docencia. As persoas que visitan a nosa institución para participar de xeito temporal e excepcional nas actividades docentes da mesma (p. ex. investigadores visitantes) non estarían no suposto anterior, polo que non lle sería de aplicación, polo menos de xeito estrito, dito procedemento de acreditación.

A Universidade de Vigo facilitará, coa colaboración do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo, a obtención da correspondente certificación a todos aqueles membros do PDI que desexen obter a súa habilitación para a docencia en inglés. De feito, a implantación da proba HELA (Higher Education Lecturing Accreditation) que é pioneira no sistema universitario español, ten como obxectivo simplificar dito proceso de acreditación.

Apróbase por asentimento o Plan de Internacionalización Lingüística da Universidade de Vigo (**Anexo XI**).

Punto 18. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez contra o acordo adoptado pola Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias de Ourense o 7 de novembro de 2012, sobre a adscrición do título de Grao en Enxeñaría Física á Facultade de Ciencias.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que D. Claudio Cerdeiriña Álvarez presenta recurso de alzada contra o acordo adoptado pola Xunta de Facultade de CC. de Ourense de data 7/11/2012 no que se aproba o informe sobre a proposta do título de Grao en Enxeñaría Física. Di que examinado os motivos de impugnación e os documentos que obran no expediente, e segundo expón o informe de asesoría xurídica invocando o art. 107.1 de Li 30/1992 de 26 de novembro, que:

Por unha banda, o recorrente non alude a ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade, contempladas nos artigos 62 e 63 da LRXPAC, que poidan viciar o acto recorrido; nin esgrime ningún motivo xurídico no que se fundamente a impugnación do acto solicitado.

Por outra banda, tampouco se aprecia na documentación que obra no expediente outros motivos de infracción da legalidade na Xunta de Facultade de Ciencias de Ourense, de data 7 de novembro de 2012, en canto ás normas de constitución do órgano, toma de acordos etc., que fagan o acordo nulo ou anulable.

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral propón a desestimación do recurso interposto por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez.

Punto 19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, *Universidad de Oviedo* e a *Universidad de Cantabria* para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento Equidade e Innovación en Educación – Convenio Específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a *Universidad Federal de Uberlândia* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio de cooperación académica entre a *Universidad de Oviedo* e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do programa de doutoramento en Tecnoloxía Mineira Sostible e Modelización – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Cámara Minera del Perú* – Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e da Coruña para o desenvolvemento do título de Máster Universitario en Acuicultura – Convenio de colaboración para a realización de prácticas dos alumnos da titulación de Máster en Bioloxía Mariña entre as universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela e o Clúster Alimentario de Galicia – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a *Fundación Universidad de Bogotá Jorge Tadeo Lozano* (Colombia) para o intercambio de estudantes - Convenio de Cooperación Académica entre a *Universidad Carlos III de Madrid*, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Madrid* para a impartición do título oficial de Máster Universitario en Matemática Industrial.

Apróbanse por asentimento.

Punto 20. Nomeamento do representante no Consello de Estudantes a proposta dos estudantes membros de Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá conta da normativa recollida no artigo 48 do Estatuto do Estudiante Universitario, onde se regula a composición do Consello de Estudantes Universitario do Estado. No devandito artigo establécese que nas universidades nas que non exista Consello de Estudantes o representante será nomeado polo Consello de Goberno, a proposta dos estudantes electos do mesmo.

Informa que na Universidade de Vigo, no Consello de Goberno de data 14 de febreiro de 2011, nomeouse ao representante desta Universidade no Consello de Estudantes. Dado que xa transcorreron 2 anos dende o nomeamento do actual representante, cómpre que os estudantes representantes no Consello de Goberno propoñan a unha persoa para que lles represente no Consello de Estudantes.

O reitor informa que non se presentaron candidaturas, adíase este punto para tratar na próxima sesión do Consello de Goberno.

Punto 21. Rogos e preguntas.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar Jorge de los Bueis, en representación dos estudantes, para expoñer os problemas que causan a algúns alumnos e alumnas de primeiro de grao a falta de coincidencia entre o inicio de curso marcado polo calendario académico (primeiros de setembro) e a celebración das probas extraordinarias de selectivo en setembro. Este desaxuste provoca que os que suspenden selectividade en xuño e teñen que repetila en setembro, como é o caso de Galicia, realizan estes exames practicamente cando se inician as clases universitarias, incorporándose á mesma no mes de outubro. Que, ás veces as consecuencias son moi graves para os que se trasladan desde outras comunidades para facer os seus estudos na nosa Universidade, como é o caso do alumnado de Ciencias do Mar. Pide que sen necesidade de cambiar o calendario académico, se contemplen medidas de reforzo para compensar a perda de docencia.

Tamén fai un rogo para que se mellore a información fornecida aos estudantes na páxina web da Universidade. Di que é de difícil acceso e comprensibilidade, especialmente para quen buscan información sobre a nosa universidade desde outras comunidades autónomas; que non teñen unha forma rápida e áxil de atopala; que sería desexable que se habilitara un portal de entrada específico, por exemplo “Estudar na UVIGO”, de modo que potenciais estudantes poidan atopar información dunha forma rápida. Manifesta que unha medida deste tipo contribuiría á captación de estudantes.

O reitor respóndelle que está preocupado polo tema, pero que non depende exclusivamente da Universidade; que se precisa que a Consellería de Educación modifique as datas; que, respecto ao segundo rogo, acolle a suxestión.

Intervén o Sr. Federico Fernández, que insiste na necesidade do talante adecuado para alcanzar acordos na Mesa de negociación co PAS laboral.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez que le dous comunicados emitidos polo Comité de Empresa PDI Laboral de Pontevedra da Universidade de Vigo (**Anexo XII**). No primeiro deles, o Comité solicitou a retirada do grao de Doutor Honoris Causa a Xullo Fernández Gayoso, petición presentada por Rocío Barreiro, en representación do colectivo de estudantes, o pasado mes de febreiro. No segundo, solicita a derogación do Decreto Wert na Universidade de Vigo e a retirada da normativa de dedicación docente, aprobada no anterior Consello de Goberno (**Anexo XIII**).

A continuación, como representante sindical de UGT, solicita unha aclaración sobre a reanudación do Consello de Goberno, suspendido o día 2 de marzo.

Pregunta, en último lugar, polo contido do acordo ao que chegaron os estudantes para que accedesen a permitir a entrada ao Consello de Goberno do día anterior.

Responde o reitor, que a actual sesión é a continuación da que foi previamente suspendida o día anterior debido ás interrupcións e protestas. O acordo era que deixasen celebrar o Consello de Goberno; que o lugar indicado para expoñer as súas reivindicacións era durante a celebración do Consello de Goberno, onde están representados todos os sectores da comunidade universitaria; así mesmo, invitóuselles a participar e ofrecéuselles o uso da palabra e a oportunidade de expoñer as seus reivindicacións. Que, a pesar das distintas explicacións e vías de diálogo que se intentaron abrir por parte do reitor, as continuas interrupcións cando facía uso da palabra impediron o desenvolvemento do Consello de Goberno e obrigaron ao reitor a suspender a reunión, polo que fixo uso do disposto no art. 23 da LRXPA, que permite suspender a sesión dun órgano colexiado por causas xustificadas. Que o mesmo día 21 de marzo, dende a Secretaría Xeral mediante correo electrónico, comunicouse a todos os membros de Consello de Goberno que, ante a suspensión da sesión ordinaria do Consello de Goberno, iniciada ás 11:30 horas do día 21 de marzo, a mesma continuaría o día seguinte, o venres día 22 de marzo ás 10:00 horas.

Intervén a Prof^a Mercedes Suárez para rogar que se procure a reforma do sistema de avaliación curricular; o recoñecemento dos profesores e profesoras que examinan as prácticas curriculares externas deberían ter algún tipo de recoñecemento, sobre todo cando o volume de estudantes en prácticas é elevado.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que non entra a valorar a legalidade da reanudación da sesión; que se precisa unha aclaración normativa.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 horas do día 22 de marzo de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

M^a. Inmaculada Valeije Álvarez